

## Boca de pedra que lambes o mar

-¿E esta árbore, aquí no medio chantada...?

A pregunta vén outra vez do mesmo individuo: un home de mediana idade, en pantalón curto e camiseta, cámara pendurada ó pescozo e lentes escuras de abella. A guía mírao cansa, forzando un leve sorriso. Forzando moito, porque xa debe ser a cuestión número trinta, porque cae un sol que derrete, que farta, de mediodía de xuño, e tamén porque os meniños do turista ándanlle a redor das pernas guindándose pedras.

-Veña, non collades iso, que está mal...

A mai trata de calmar as criaturas, o resto do grupo vaise achegando.

No curuto, fronte eles, ampla, grosa, branca e reluciente baixo o sol. Non hai máis árbores preto dela, coroa o monte en soidade. Sen cortiza, a pel albina semella sobrenatural, e elévase maxestosamente cara ó ceo, onde as pólas se curvan e retorcen ata rematar desaparecendo, unha inmensa raizame invertida que ancora no azul.

-...é un eucalipto, está seco como poden observar, e deixouse aí porque...seica ós encargados pareceulles que non impedía a continuidade das escavacións. Xa non lle van medrar as raíces, e ademais está lonxe de vivendas e muros, non facía falta pinchalo coma ós outros...

-¿Cantos anos terá?

-Bueno, é difícil de saber...supoño que ten bastantes...

O grupo agarda uns intres fronte o titán. Sácanse as fotos de costume, unha parella posa diante. Pouco a pouco van pasando.

-...se baixan comigo por estas escaleiras e miran cara a abaixo, observarán novas construcións. Neste caso non tiñan a función de vivenda, pero barállase un uso máis ritual, coma unha especie de templo...

-Ala...-os ollos dunha pequena fican abertos mirando para o xigante branco. Achégalle e pasa a man, porque semella cuberta de xiz ou pintura.

-¿A que andas? –uns pasos demorados van atrás dela, subindo con esforzo o último tramo do curuto. Párase a carón da nena, ó pé da árbore, respira con dificultade. De entre o feixe de engurras que lle habitan o rostro, un par de ollos inquedos percorren o corpo albino. Fican mirando cara á fin, recortada no azul – Ah..., a Gran Árbore...Si, velaquí está. Samiarlan.–di isto con solemnidade, e un minúsculo sorriso nas comisuras, un sorriso cómplice que a pequena capta ó instante.

-¿Como o chamaches...? ¿É ese o nome, logo?

-¿Que nome?, eu non dixen nada...-o enorme corpo vai virando, ocultando o sorriso que se abre, que se desprega e acende lume nos ollos. –Veña, imos, que xa vai alá o grupo, veña...

-¡Pero ti dixeches...! Bo, seguro que é trola...

-E será...¡veña!

A visita remata pouco despois, baixan da croa e na entrada a guía proponlles que deixen recollida a súa opinión. A irresistible sombra fresca da caseta mete ganas. Como é demasiado pequena, van entrando por quendas: o grupo de turistas ingleses, unha parella finlandesa, a familia dos nenos pesados...Algúns marchan. O preguntador inda ten algunha cuestión máis. A guía case se arrepite de animalos, desesperada ataca unha botella de auga morna que atopa no bolso. Fai intentos por apurar á xente. Xa pasan das tres.

-¡Ben, pois isto foi o castro!

No coche non se cabe. Atrás vai a aboa cos nenos medio no seu colo medio no asento. Diante os pais e os vultos que xa non entraban no maleteiro nin en ningunha

outra parte. As zonas metálicas do vehículo son perigosos ferros incandescentes, tixolas no seu punto. Todos abren as fiestras abertas a máis non poder e encollen as extremidades.

-Iso foi, si...¡e case non remata!, ¿pero ti, home, non sabes conterte, ou? Ai, Carliños cando queres cansas...

-¿Si?, pois mira, eu se teño dúbidas pregunto, e que pasa...Ademais, a tipiña non tiña nin idea, ¿viches o que dixo do millo?, ¡que tomaban millo os castrexos!...haberase visto semellante burrada, pero se non chegou á península ata o sécul...

-¡Sería outro cereal, oh!, ti tamén, estás sempre a buscar os faios, como é de Historia o señor, pois vai de sabido...¡trabucárase!, que a xente normal ten faios, xa ves...

O calor menoscaba o aguante dos ocupantes, hai protestas, o clásico por que non puides mercar un cochiño con aire acondicionado, meu rei, e o non menos clásico, aforraras ti e non gastaras tanto en roupa.

Non hai atasco, métense na cidade sobre as catro. Os nenos aproveitan para guindarse o que atopan, neste caso as guías da visita, rapidamente confiscadas pola aboa. Isto xera máis protestas e choros, novos berros desde a fila dianteira. Finalmente a chegada a casa é tarde, máis do previsto. Toman unha especie de bocadillo improvisado co que cazan entre despensa e neveira.

-Mamá...¿a ti non che importaría quedar hoxe cos nenos?

-Non muller, vai tranquila, mañá teño médico á tarde pero hoxe tanto me ten.

-¡Estamos de volta pronto!, antes das tres chegamos, só é ir tomar algo cos de Louro...

A parella marcha á tardiña. Carme mira desde a fiestra como se meten no coche. O ceo acougou, deixou de queimar, desfaise en tinturas malvas.

-¡A mamá vai toda guapa co vestido! –unha cabeciña inesperada xorde ó seu carón, subida á cadeira de brazos.

-¡Pero que susto me deches, trampulleira!, baixa de aí...

-Eu tamén vou ir así de guapa cando sexa maior, vou ir cos vestidos de brillos, os zapatos de tacón, maquillaxe...

-Vállame Deus, pero ti moi rápido vas, cativa...

A loita polo baño, o pixama...faise ardua.

Xa non teño o corpo para estes trotes, isto dos netos éche matador.

Por fin, na cea, a Carme ocórreselle apagar o televisor. Vou facer así, como di a psicóloga esa, estes cativos están toleados de tanta merda.

Os nenos fican confusos, forman barullo. Pero a corpulencia da aboa e o seu ton de voz fanse implacables. Podería levar a cada un deles nos seus brazos, coma fai cando xogan. Pero agora non é de xogo. Eles vena enorme, o seu enfado non dá opción. Na mesa aparecen filloas quentes, tostadas, unha bandexa de froita. Xa hai fresas e cereixas, recenden, enchen o aire. Tona da de spray para o que se porte ben. Uns anacos de queixo e pan do que sobrou do xantar, iogures e leite con cacao. O anoxo esquecese coma se nada.

-¿Cóntanos un conto? ¿Lesnos algo..? –Óscar dá tódalas opcións que se lle ocorren, revolvéndose na cama, con tal de non durmir. Un cu inquedo, Carme xa o coñece, fará o que sexa para non pegar ollo e, se pode, para que os demais non o peguen tampouco.

Xa chovera desde aquel primeiro conto improvisado. Daquela non era consciente da poderosa memoria que un meniño podía chegar a empregar. As novas peticións non se deixaron esperar e mantivéronse ó longo dos anos.

Tampouco pode ignorar que en todo ese tempo as súas artimañas, voltas e reviravoltas da palabra e do contar medraron considerablemente, así coma se produciu unha metamorfose, un cambio de dirección: do enxeño cara á memoria, a memoria da ferruxe. Coa mestura resultante de ambos, sen lindes, sen fronteiras precisas entre real e irreal. Quizais por tornarse vella, que seica aviventa os recordos afastados e esvaece os veciños.

Cunha parsimonia esaxerada, Carme diríxese ó estante onde adoitan colocar os libros de relatos...

-Non. -Helena érguese de entre as mantas, cun ollar excitado- Non. Conta o da árbore, o do castro, conta...

A aboa párase no seu camiño e vira a modo onda o arrandeadoiro, rescatado da casa onde vivira ela de nena. Rexo como non hai outro, nin o seu peso pode con el. Abálase levemente e pecha os ollos, coma se adurmiñara, allea ás esixencias dos nenos. Nos seus beizos o mesmo medio sorrir pícaro da mañá.

-Non creo que esteades preparados para escoitar unha historia coma esta, sodes moi cativos...

Novas e crecentes protestas, inzadas de promesas de bos comportamentos, noites quedas, almozos tranquilos. Ó final as engurras descubren os ollos, as meniñas brillantes, os nenos calan, acomópanse, Óscar faise un envurullo imposible coas mantas, prometen durmir no remate. Comeza.

“Nenos, devalade agora, devalade coma a marea e deixade entrar as verbas. Isto que vos vou contar remóntase ós tempos máis antigos, antes de todo o que coñecedes, antes de que ninguén tivese memoria e a memoria coñecese o tempo.

Todo o que vistes á mañá vivía. Os muros elevábanse, quecían coas fogueiras, cos lares. Os camiños estaban despexados e a maleza e o bosque mesto cubría os arredores. Se non coñecías as sendas non resultaba sinxelo atopar o castro nin velo desde o lonxe. Por un lado, o precipicio que dá ó mar, imposible de gabear, polo outro a Fraga dos Cantos, máis alá o río Seilleiro, as Chairas...

Si, o castro do Curuto Infindo, habitado polo pobo dos Lumieira. O Curuto que non era tal, que era o cume dunha antiga montaña partida, o bico tronzado que por un lado caía en pendente e polo outro rompía o mar en cantil.

Xa caeu a noite en Infindo. As portas da tripla muralla ficaron fechadas e as candeas das rúas acesas.

Alí vivía Mailud, unha aprendiz de arqueira, que xa pasara por vinte invernos a cando estes feitos sucederon. Esa noite, de lúa crecente e ceo despexado, chegando xa o verán coma agora, saíu da casa e foi ata o curuto. Nunca unha noite tan luminosa presenciara. Tanto, que a copa da Gran Árbore, inzada de follaxe nova, brillaba en esmeraldas rebuldeiras. Avanzou cara a ela, estaba xa no alto. Murmurou o seu nome segredo: Samiarlan...Samiarlan, a Árbore Sagrada, a venerada polos habitantes do castro. Avanzou cara a ela, desde nena gozaba refuxiándose baixo as inmensas pólas, gabeando polo toro, descubriendo qué seres o habitaban segundo a tempada, competindo cos outros nenos a saltar...Tíñanllo prohibido, pero sempre había maneira de despistalos.

Ó longo dela fervía a vida: cada ano pequenos abrochos medraban ó seu redor, tódalas xentes de Infindo ocupábanse de coidalos, transplantándoos ó outro lado das

murallas e máis á Fraga. Aquelas árbores que rodeaban ós Lumieira abastecíanos con enerxía, quecer e agocho. Coma se as súas raizames se enguedellaran nunha rede viva, enormes vermes de madeira tecedores, e tornaran a terra fértil, mol e morna.

Chegou onda ela e suavemente púxose a acariñar as engurras do enorme tronco. Notaba ese ferver leve que o percorría, que conectaba co seu, sentía paz. Sempre estivo aí que ela recordara, e seica nin os máis vellos sabían cando aparecera.

De súpeto de entre os grilos, as ras, as curuxas, sentiu unha voz algo crispada que se achegaba a ela. Berran algo, semella o meu nome...

-¡Mai...Mailud!,...arf... –case sen folgos, o rapaz parou a pouca distancia. Era Caino, o fillo do ferreiro.

-¿Que acontece...? ¿Como andas a voces xa coa noite enriba?

-Sabía que estarías aquí...-mirou para ela, a emoción reflectíase na súa cara-  
Imos, hai reunión do Consello, ¿esquecíchelo?

Mailud levou as mans á cabeza, ¡a reunión! Sen dubidar colléronse da man e botaron a correr costa abaixo, seguindo a luz dos fachos, saltando escaleiras e atallando por entre as casas, alleos ás protestas dos que se vían atropelados. ¡Como puido esquecelo!, convocáranos xa había dúas lúas, era importante acudir. O Consello sempre estaba aberto ó pobo, e Mailud devecía por formar parte del algún día. Nun pulo botaron man dun par de Xantius que repousaban nunha fiestra, na boca notáronos inda mornos, cubertos de azucre ¡mágoa dunha cunca de Augamel onde mollalos!

Continuaron correndo polas rúas empedradas ata que...”

-¿Que é augamel?

A voz interrompe bruscamente as palabras da aboa. Esta dirixe as súas meniñas paralizantes ó pequeno.

-Iso non existe, nin os xant...xantos ou xantis, o que sexa, e ademais...

-¡Non sabes o que é o Augamel...!

A aboa fica abraiada mirando para Óscar, que xa se medio ergue na cama e bule por protestar.

-O Augamel...-o ton de Carne baixa ata atmosferas misteriosas, cólase polos recunchos máis agochados das súas orellas...é a bebida máis deliciosa que nunca existiu, tódolos habitantes do Castro a coñecían e cultivaban, ¡parece mentira que non a coñezas! –un chiscar de ollos de esguello é suficiente para que Helena imite o xesto de abraio, o cativo queda desarmado e confuso de non saber o significado de tal manxar-  
Recóllena coidadosamente cada amencer, cando comeza a primavera, da rosada que fica atrapada nas flores, e os Xantius...mmmmh,-a aboa bótase atrás no arrandeadoiro, colléndose o bandullo e acariñándoo con devoción-, ¡éncheseme a boca só de pensalo!  
Imaxínade –míraos fixamente, debuxando no ar coas mans, co ollar intenso-, imaxínade un pastel tenro e zumarento, que recende, cuberto de menta e azucre en po, recheo dunha crema de ovo, framboesa, cereixas e amorodos, que cando o metedes na boca...oooh, desfáise e envía cores e sensacións a todo o voso corpo, coma unha bomba no padal...

A pesar dos bandullos satisfeitos, os nenos fican paralizados cun mastigar baleiro. A aboa aproveita ese intre de salivación involuntaria para retomar...

-¡E ademais o que había no castro era un eucalipto, non un carballo, e non pode ter tantos anos, o mestre díxonos que chegaran aquí hai pouco, e tamén nos dixo cal era a árbore máis antiga e non é esa, así que o que contas non foi verdade, e...!

-¡Pero cala xa, petardo!, deixa contar...-Helena bótalle un coxín con contundencia. Unha probable pelexa está á vista, pero a ameaza de mandalos durmir é efectiva. Calan.



“Entre as vivendas baixas había estreitas calexas inzadas de fochancas, que precisaban unha reparación urxente. Porén, Mailud e Caino van descalzos, coma tódolos Lumieira agora que pasaron as choivas, e teñen os pes fortes, afeitos a pedra, terra, lama e río.

Por fin, chegaron onda o Consello. Moita xente estaba arredor e perante a entrada da Palloza Maior, aquela na que se oficiaban as cerimoniais e as reunións. Os dous abríronse camiño como puideron, ata penetrar na luminosidade que inundaba o interior.

A conversa semellaba acesa. En círculo, os representantes do Consello, por todos coñecidos, estaban arredor dunha gran lareira. De pé, a anciá Xincaih falaba, escoitada polos presentes cun intenso respecto. Fronte a ela, no outro lado do círculo, tamén de pé estaban Láríco, o explorador e poeta, e Ruala, a arqueira e mestra de Mailud.

-...con agresión só conseguiredes agresión, e caerá a paz que tantas colleitas nos fornece. Deixade ós habitantes das Chairas, ignorádeos se fai falla, nada poderán contra a nosa muralla tripla, os cantís que nos rodean, Samiarlan que nos alimenta de forza. Acougade e gardade as armas, non é tempo de ira.

-Falas sabio, coma sempre, venerable Xincaih. Mais debo contradicirte, si é tempo de ira, e se non actuamos, morreremos.

Un murmurio de preocupación estendeuse por toda a sala, saíu fóra, multiplicouse nos camiños. Ruala apañou unha frecha das súas costas e púxose a debuxar formas na area do círculo, mostrándollo ós presentes.

-¡Velaquí novas armas, novos artefactos dos que nós non escoitamos nin falar, e que poden traspasar a forza das nosas murallas, escalar os empinados cantís e destruír ó propio Samiarlan...! -os murmurios tornáronse exclamacións, berros de angustia.

-¡Non asustes inutilmente ó pobo, Ruala!, é necidade crear alarmas innecesarias.

-¡Falo do que vin!, do que vimos ó explorar. Preguntade a Láríco, que volo relate nunha epopea se gustades, nin sequera a poesía poderá mitigar o terror que habita en nós desde entón. Non podemos seguilo ocultando

Mailud e Caino permanecían xuntos, acubillados entre pernas e fardos dos asistentes. -¿A que vén todo isto?, -murmurou el, incómodo con tanta tensión- moitos choran e laméntanse polo futuro incerto.

Mailud permanecía calada. Entre a calor da multitude aprisionada en pedra e o lume xeneroso, sentíase abafada. Ruala, a súa mestra, xa lle comentara algo. E tamén llo relatara dese xeito, acesa, coa carraxe toda na voz. A posible ameaza dos Carínios, o pobo da ladeira sur, habitantes das Chairas Xarume. Apareceran neses territorios, ó outro lado do freixal, alén do río, desde a colleita de peras pasada. Nun principio o trato fora cordial, incluso trocaban o froito das súas terras a cambio de peixe, grandes pescadores de baixura os Lumieira. Porén, co paso do tempo os exploradores descubriron os seus movementos belicosos, as loitas con outros pobos do leste, e a súa conquista e anexión. O trato tornouse seco e precavido. Agora, nos arredores, só ficaba libre o seu pobo, os Lumieira, os habitantes do Curuto Infíndo.

-¡Mailud! -a voz de Caino interrompeu o seu divagar- Desde que teño memoria coñézote e un cabo do outro camiñamos, cóntame o que sabes. Porque ti sabes o que aquí se coce.

Mailud fitou nos seus ollos, bálsamo de acougo para ela. Si, desde que tiña memoria, tamén recordaba a súa compañía. Xuntos xogaran e aprenderan, pasaran por

secas, enfermidades, alegrías, exploracións da terra máis alá do río. Agora xa medraran, e a naturalidade que sentía ó seu carón non se esvaecera, todo o contrario, medraba coma Samiarlan e enchía o seu ser de gozo. Só que ás veces se desesperaba coa pouca agudeza do seu compañeiro.

-Probablemente teñamos loita contra os Carinios...

-¡Loita! –Caino estudaba o arte da música, o canto e a escritura, o seu grande soño era converterse nun bardo e recorrer os lugares aprendendo cantares e historias–  
Loita...

-¡Non temas!, habemos saír gañando, verás. –Mailud sorría. Para ela o arco era xa parte dos seus brazos, as frechas parte da súa vista, sempre con ela nas súas costas. A posibilidade do enfrontamento removíalle os adentros de euforia.

No círculo, Lárico, o explorador, tomou a palabra, tentando acougar a marea de lamentos que ateigaban a sala.

-Eu propoño, xente de Infindo, Gran Consello, que cando menos tomemos maiores precaucións. –Lárico gozaba de gran consideración entre o pobo. O seu ollo esquerdo, borrado da súa cara por unha cicatriz, non lle impedía ser o mellor explorador. Descoñecía realmente cal fora a causa da ferida, todo o mundo o recordaba así desde sempre, mais contábase que un ser alado, que asediara a aldea había moitos anos, queimara sen compaixón a súa cunca esquerda ata os mesmos miolos...”

-...puaghh...é noxento, ¡que guai!

-Bo, mira que es porco, Ós...

“...Pero a cambio, contaban as xentes, recibira o asombroso don de sentir alí onde outros non percibían nada, de ver nas tebras, no alén, e de asexar no máis absoluto dos silencios. Xincaih pousou as dúas mans no seu caxato e escoitouno atentamente.

-As ansias belicosas dos nosos veciños son reais. Tampouco debemos asustarnos inutilmente, certo. Porén, se continuamos como ata o de agora, sen gardas nas murallas, coas portas abertas de día, saíndo e entrando continuamente, estámolles dando tódalas facilidades. O único motivo polo que aínda non lles pertencemos é porque precisaban do comercio con nós para sobrevivir. Agora xa posúen as chairas da ribeira, que eran dos Levedar, as eiras de Macedume, a zona da Fonte Clara...

-¡Pero se non saímos cómo imos recoller os froitos, aprovisionarnos de auga agora que marchan as choivas...!

-¡Eu teño que cultivar os meus campos!, ¡están alén do río!

-¡Morreremos de fame...!

Os berros de terror, das desgrazas futuras, medraron na sala, marcharon fóra, fixeron eco nos ceos e na terra, a lúa encheuse de medo, tornouse rugosa e feble. Mailud estremeceuse, unha corrente xeadada acababa de entrarlle no estómago, sentiu que Caino lle premía máis a man.

-¿Védelo agora? Debemos facer algo, debemos...

Nese intre Xincaih ergueu a mirada, que perdera entre as faíscas do lume. Todos calaron con aquela forza, a mesma que viña das profundidades dos pozos, dos abismos ós que daba vertixe asomar. Avanzou cara ó lume co seu andar quedo, e púxose a colocar os madeiros.

Pasou así un bo rato. Moitos impacientábanse, ¿como a anciá Xincaih podía deterse con algo así nun momento coma aquel? Caino, en cambio, coñecía ben aquel

acougar, o silencio e a concentración da vella, a súa mestra de filosofía, retórica e canto. Cambiando o dito, era o sol que anteceda á tormenta.

-...daquela ha de ser así...-rosinou, metida no seu cavilar. Logo retornou ó seu mirar de xenio, e falou con decisión- Tempos veñen nos que quizais debamos empuñar as armas, e non para alimentarnos da Natureza, como vén sendo o noso existir. Agora ben, todos coñecemos de que inimigo estamos a falar, o certo é que non podemos competir con eles...

-¡Pois morreremos con orgullo!

-Non coñezo o orgullo no morrer, Ruala. -a voz de Xincaih tornouse dura, mais a arqueira non baixou o brazo que erguera con paixón- Porén, si coñezo o orgullo de sobrevivir e continuar vivindo. Ben sei que os arqueiros estariades dispostos a defender a vila ata a fin, mais é un suicidio.

-Hai...hai unha posible solución.

Con timidez, o mestre barqueiro, coñecido coma o Fiúncho, erguera un chisco a súa débil voz entre a multitude. O pelo branco e escaso, un pouco encurvado e sempre coas mans activas, enguedelladas no manto, non trataba moito coa xente. Recluíase no seu taller, a carón da Praia das Penas, ensinando ós seus alumnos e constantemente ensimesmado na fabricación e arranxo dos apeiros e barcas de pesca.

-Podemos fuxir polo mar...

De novo a sala encheuse de exclamacións e xestos de incredulidade. ¿Como habían marchar por mar, se non eran navegantes, nin tiñan barco grande abondo para tal fazaña? Moitos mofáronse del, repetiron ata a saciedade que estaba tolo, que o illamento o trastornara. Mais Xincaih non mostrou dúbida no seu mirar. Nin Lárico. No seu único ollo chimpou un brillo de esperanza.

-Cóntanos, barqueiro, creo que sei do que falas.

El volveu a vista cara a Xincaih, dubidoso, temendo algo que Mailud non chegaba a comprender. Esta asentiu levemente.

Daquela, o mestre barqueiro comezou a relatar como, moito tempo atrás, chegaran ás costas os Barruntos, xentes de mar, vidas de máis alá do horizonte. Non houbera lugar para o diálogo, e comezaron o asedio desde alta mar. Contaban con enormes arcos, cos que lanzaban bólas de lume e morte. Desde a súa posición só vían o peirao e as construcións que alí existían, pero non o castro estratexicamente situado no alto do monte, xusto antes do acantilado e rodeado dos fillos de Samiarlan, unha fronteira enxoiada e encubridora. Foi deste xeito como destruíron o seu taller, as reservas de peixe...Moitos morreron aquel día, pero el, un cativo aínda, conseguira fuxir e dar aviso. A loita durou días. Desde o alto do cantil respondían con igual dureza, e os barcos retrocedían e trataban de achegarse á costa por outros lugares, asedialos doutro xeito. Mais desde o castro podían observar toda a ría, e os lanza-pedras, hoxe xa perfeccionados, naquel entón tamén tiñan o seu efecto.

Finalmente, ós catro días, un dos barcos comezou a facer auga. Os tripulantes lanzáronse ó mar e refuxiáronse nos outros dous, que se retiraron e desapareceron de novo no horizonte para non volver nunca máis.

-¡E que queres que fagamos cun barco afundido! ¿Reflotalo?!

-¡Iso, non nos fagas perder máis o tempo con vellas historias!

-O barco non está afundido –o ton do barqueiro tornouse máis serio e cortante, ó tempo que retaba ós incrédulos coa mirada- Está disposto para navegar, oculto na Furna do Sangue.

¡Na Furna do Sangue!, Mailud comezou a sentir o seu latexar ata nas dedas, a Furna do Sangue, o lugar máis misterioso de cantos coñecera. Alí a pedra tornábase vermella, laranxa, ouro...sempre mollada pola ondada, semellaba sangrar eternamente.

Segundo as súas lendas, alí morrera a Balea Roiba, un ser xigantesco, namorado e traizoado polo seu amante, que da rabia se fora bater contra as penas do cantil, e así se creara a inmensa furna. Non se podía entrar a pé, porque a marea non chegaba a baixar o suficiente, as paredes do cantil eran planas e esvaradías, e o mar petaba con forza. O único xeito era en barca, e só os días de mar calmo. Ademais, unhas algas en forma de enredadeira tapaban a entrada, coma unha espesa fervenza esmeralda que bailaba co mar, e resultaba imposible ver o seu interior. De tódolos xeitos, tíñanlles prohibido entrar nela, só o Consello podía acceder. Inda así, Mailud non deixara de preguntarse e fantasiar co que habería no seu interior, e numerosas veces tentara achegarse nas súas leccións de pesca, convencendo a Caino, pero o mar sempre puidera con eles, desviándoos.

-Amañouse daquela. –continuou o barqueiro, coas súas poucas palabras- O Consello entendeu que podería ser útil, no futuro, hoxe...Gardouse na furna, ben amarrado, dentro o mar sempre está calmo.

-¿Saberalo manexar? –Ruala tiña o mirar afervoadado, o corpo excitado polo reto- ¿Poderasnos guiar? Por tódolos espíritos...

-Podo. Levo anos estudando o seu manexo e instruindo en segredo a un grupo dos meus alumnos máis hábiles.

O quecer do lume semellou acariñar a cada un dos presentes, os ánimos suavizáronse. Moitos entenderon as longas tempadas do barqueiro solitario, o segredo da Furna, as prohibicións...

Caino engurraba o cello, superado por todo aquilo. –Isto teño que escribilo, teño que contalo xa, é case imposible...

-Así ha de ser. –dito isto, Xincaih achegouse de novo ó lume, ergueu as mans, e case coma se amasara as lapas comezou a darlle forma ó seu pracer. Os presentes

calaron asustados, todos coñecían as habilidades da anciá, que poucas veces empregaba. As sombras nas paredes de barro, que durante toda a noite bailaran nunha tolemia fugaz, comezaron a tomar formas coñecidas. Alí todos viron a aldea, si, no curuto mesmo, coas súas árbores e xentes. Mais algo acontecía, todos corrían dun lado a outro, como recollendo e gardando cousas, e baixando con carros e fardos ós lombo polas rúas, atravesando as tres murallas, indo polas corredeiras da Fraga dos Cantos, o camiño cara ó peirao. De súpeto, unha figura marchaba en dirección contraria, cruzando o río, tomando a senda do leste. Os dedos apuntaban alí onde esa escorregadiza sombra se movía, un monicreque solitario e áxil. ¿Por que aquel non marchaba cos demais?, ¿que significaba iso?

Xincaih baixou as mans, tornando as labaradas ó seu crepitar desordenado e habitual. As súas pernas tremeron un pouco, por un intre case perdeu o equilibrio, pero apoiouse no bastón e de novo dirixiu a mirada á xente.

-Así ha de ser entón...-unha difícil decisión entrevíase tras dos seus beizos. Tardou en falar pero fíxoo con contundencia- O barco que nos ha levar lonxe de aquí está protexido e seguro. Así foi como se decidiu.

O Fiúncho asentía case imperceptiblemente, coma un tremor.

-Sabiamos que só o amarre non ía abondar, a curiosidade dos máis novos ía poñer a proba o agocho...

Mailud sentiu ferver as meixelas, incluso percibiu unha certa mirada de esguello cara a eles.

-Algo máis que as algas Cortina impiden a súa saída ó exterior, nin sequera mil homes turrando dela poderían sacala. Só responderá ó sinal que se acordou. O sinal que pode crebar o enganche. Só o tiro certo pode liberar a nave e levala onda nós.



Ruala inmediatamente adiantouse para ofrecerse, pero sen pausa Xincaih negouse.

-Non Ruala, precisámoste aquí para protexer o pobo e dirixir os arqueiros. Ten que ser outro, aquel que sinta o medo e tamén a forza. O medo para domear a forza e o corazón para quecela.

A xente comezou a murmurar. ¿Quen se ofrecería para semellante misión? ¿Atravesar os campos dos Carinios xusto cando se preparan para a batalla? ¿A posibilidade de non volver para subir á nave? Xestos de desesperación e negativa.

-Eu irei.

Caino non tivera tempo nin de decatarse. Cando mirou, xa Mailud estaba de pé. Inda que lle tremían as pernas e todo o corpo, desde fóra só se lle vía paralizada. Xincaih baixou levemente a cabeza, asentindo sen palabras. Mailud sentía que o que acababa de facer non fora ningunha sorpresa para a anciá.

A súa mirada atopouse coa crispación da mestra de arco. Sabía que non era precisamente a súa mellor alumna, sabía que Ruala era esixente, sabía, sabía...

-Mailud é rápida, non ten mala vista... pero en todo caso deberamos ser eu e máis Lárico os que escollamos, Xincaih, é importante...

A anciá detivo a intervención da mestra. Así debía ser. Aquela que se ofrecera, iría. E non lles conviña retrasarse máis, tódolos preparativos debían iniciarse xa ou sería demasiado tarde.

Caino non tardou en ir onda ela, con cara de alarma. Mailud ficara de pé, inmóbil, de pedra, mentres o Consello se retiraba. Xincaih dixéralle que descansara, que mañá lle indicarían os detalles. Que por hoxe xa tiña bastante información.

-¡Pero que fas...!

Non podía evitar a súa preocupación, o seu malestar. Pero tamén coñecía o carácter da arqueira, e sabía que o levaría a cabo, dixese o que dixese. Mailud mirouno, mirou nos seus ollos de lagoa escura, nos que entón tampouco atopou acougo.

Esa noite apenas descansou. A lúa semellaba un sol, un sol negro, densa, velada por veces. Demasiada luz para as tebras, e nas tebras do seu cavilar danzaban temores e esperanzas. O seu fogar, un pequeno cuarto no que durmía e facía vida, sen máis separacións nin paredes, apenas formado polo leito, unha cadeira, unha mesa, a lareira, obxectos ciscados do seu existir diario. Tiñalle que dicir adeus a todo iso, e quen sabía a que máis. Todo cambiaría. Sentía vertixe, sentía tremer todo o corpo. A desconfianza da súa propia mestra metíalle medo, ¿e se non era quen de realizar o que se esperaba del? ¿e que era exactamente o que se esperaba...!

A mañá chegou nubrada. Cando saíu fóra, co abrente, coma no cadro de lapas de Xincaih toda a xente corría pola aldea con urxencia. Cargados de vultos, sacos, nenos, ían dun lado a outro, recollendo. Mailud xa se puxera o seu traxe de arqueira, das cores do bosque, a chaira e o río, que lles permitía ocultarse e non ser vistos. Ó lombo levaba tódalas frechas que tiña e o seu mellor arco.

O Fiúncho achegóuselle. Sorprendeulle velo alí no castro, e decatouse de canto cambiaran as cousas. Aqueles que considerara máis agrestes e intratables, desentendidos, eran agora peza clave da súa supervivencia. Saudáronse coma era habitual entre os lumieira, cunha man no propio corazón e outra no ombreiro do saudado.

-Ven, Mailud, a que liberará a Nave, o Consello agárdate na porta do Leste.

A porta do Leste. A que se abre á Fraga dos Cantos, a que a separaría de toda seguridade. Ata alí foi, co mestre barqueiro, co paso máis seguro que puido adoptar, mirando a cada pouco atrás, ós lados...

-Deberás non ser vista, nin oída, nin percibida de ningún modo. É importante que camiñes lixeira, pero máis importante é que chegues.

-Coñeces o camiño, o camiño do Leste que leva ó miradoiro. Desde alí verás a entrada da furna. Enriba, onde nacen as Algas Cortina, verás un...

-Entrégote as nosas mellores frechas, Fíos do Ar, atravesarán o espazo sen ruído, a súa punta crávase en pedra e ferro...

-A nave avanzará en canto a liberes. Virá ata o porto. Debes correr de volta. Non podemos agardar demasiado.

Coma retallos tecidos polo vento, as palabras da mestra arqueira, o explorador dun só ollo, o barqueiro dobrado, mesturábenselle no entender. Cos ollos moi abertos e as mans crispadas foi camiñando. O mirar quedo e confiado de Xincaih quecialle os adentros mentres ía cara á porta, a inmensa porta da terceira muralla, que xa abrían os gardas, aquela que non tería volta atrás.

-¡Mailud!...arf...¡Mai...Mailud!!!

Virouse chea de luz, inda non se lle vía pero xa escoitaba o seu chamar. Correu onda el e fundíronse nun abrazo coma nunca antes existira. Nese abrazo viviría o mundo enteiro e inda tería espazo outro mundo, e outro. Ningún sabía logo canto tempo estiveron así, non dixeron nada. Ó separárense, sentiron que o abrazo continuaba neles.

-¿Estarás aquí? ¿Estarás aquí cando volva?

Ninguén dixo nada, pero faláronse.

-Claro que estarei, hasme contar todo e cantarémolo xuntos a través do mar.

Bicáronse nun segundo eterno, xuntaron toda a sarabia da mañá, que se fundiu sobre as súas cabezas...”

-¿Estaban saíndo, ou?

-...saíndo? Que raro falades, saíndo...

-A ver, oh, xa sabes...que se eran mozos...

-¿E non lle veu despedir a familia?

-Eran o un para o outro, compañeiros do mesmo camiño. E non, non lle veu a familia, os pais de Mailud marcharan a outro castro cando remataron a súa ensinanza, era algo común daquela. O máis importante que lles podían ensinar ós fillos era que se valeran por si mesmos.

-Mmmmh...

-Sen pais...¿E así podía tomar as chuches que lle daba a gana, e ver a tele ata tarde, e...!

“De contado internouse na Fraga.

O nivel do chan baixaba levemente, os xigantes de madeira ocultaban case completamente a luz coa súa rede de pólas, inzadas de follas novas. Mailud só percibía o seu propio alento, e os pasos lixeiros, disimulados sobre o manto de herba, carriza, terra e cantos. Pola súa cabeza confusa pasaban seguido imaxes, o bosque estaba chea de cantos coma aqueles que pisaba. Eles ían buscar, cando nenos, os máis rechamantes, de cor escarlata e verde. Eran, contaba a lenda, os restos petrificados da Balea Roiba, do sangue que se espaxara polo cantil arriba, e que no contacto coa terra petrificaran e moitos incluso cristalizaran.

Agora todo semellaba irreal, un soño, e ficaba atrás. Os cantos que pisaba xa non tiñan sentido, non eran fermosos ou feos, non eran nada. Sentiuse estraña, sentiuse apurada a pesar que os Carinios inda estaban lonxe, o bosque era mesto e escuro, o camiño sinxelo, e o día nubrado axudaba a que pasara desapercibida. Inda así, sentiu o apuro bulíndolle nas veas e latexándolle na cabeza, nas sens.

Camiñaba sen pausa pero case a correr, axexando a todos lados, evitando o son naquel bosque adurmiñado que inda espertaba. Naquelas horas puideron pasar días coas súas noites, meses, o tempo escapáballe das mans, burlábaa. A cada pouco apalpaba nos petos o agasallo de Caino: dúas xenerosas racións de Xantius e amorodos frescos, envoltos en tecidos suaves. O doce inda estaba quente do forno, o calor dáballe azos.

Pasara un mundo e para ela, nun instante, xa podía oír o rumor das augas. Viuse rodeada de bidueiros, amieiros, freixos, silveiras cargadas de amoras, o mundo branco, cinza, vermello que ficaba nas beiras. Asustábana as ramas baixas, movidas por paxaros e esquíos que fuxían ó seu paso. As ramas que eles ían buscar, cando nenos, para fabricar os cestos, os canastros...

Parou en seco na ribeira, fronte ás augas, case estivo a piques de caer no río. Non puido evitar mirarse alí, reflectida. Sorprendeulle a súa cara, preocupada, en tensión. Non se recoñecía. O lugar onde se mergullara tantas veces, tirándose desde as pólas máis baixas.

Quizais non ía caer, quizais o que quería era mergullar nel. Si, desexaría non ter que facer nada, non ter que ir ata o Miradoiro, volver atrás e encargarllo a outro. Ficou alí parada, quería somerxerse nas augas e esquecer todo, coma tantas outras veces. Recordaba cando estaba baixo o río, cos ollos abertos, a tranquilidade que alí existía, todo era máis lento, máis quedo. Ó mirar cara a arriba víase a fronteira de auga, ocultando o resto do mundo.

Antes de decatarse xa volvera á senda, coa dúbida inda proéndolle no pensar. Seguiu o leito un pouco máis arriba, onde era menos caudaloso, alí atoparía un paso. Cruzou polas pedras, cheas de limo. Esvarou varias veces, medio afundindo nas augas. O tempo volvía a correr coma un condenado, escapáballe entre as pernas, polo seu alento, comíalle a mañá, o sol semellaba empurrado no ceo por un espírito contrario. Os

arbustos inzaban o camiño, enganchábenselle nas sandalias, nas roupas. Orientouse cara ó Leste, comezaba a costa arriba, chegou o mediodía. E alí estaban as Chairas.

Parou na fronteira con aquelas terras despexadas. Mastigaba un Xantiu devagar, sen demasiada fame, só por coller forzas, pero cun nó no lugar do estómago. Nin sequera aquel anhelado doce podía traerlle calma. Observou aterrada a ampla superficie ocupada por mato e herba. Campaban ás súas anchas os corvos, e onde podían os pardais e merlos. Case era mediodía, e o sol comezou a pegar forte.

Anicouse e arrastrouse de arbusto en arbusto, aproveitando os breixos, os toxos, as xestas. A suor de Mailud regou aquela terra seca propiedade dos Carinios. Coa vista no horizonte, no Suroeste, alá onde se instalaran, puido enxergar uns puntiños de camiñar lento, que se lle cravarón no lombo coma espiñas.

Ó saír das Chairas correu coma nunca, correu entre as sobreiras tortas, correu ata os penedos do Miradoiro da Furna, ata as penas de Lerume, ¡alí!

Tomou folgos, derreada, apoiándose nas pernas, mirando o ansiado cantil. Se non fora polas instrucións, guindaríase aló abaixo, da alegría de ver aquel mar embravecido arremetendo sen sorte contra a boca de pedra, medio agochada nunha volta do cantil, bébeda de fermosura escarlata, mollada e brillante, velada por cabelos esmeralda.

As gaivotas planaban sobre a cavidade, lanzándose en picado sobre as olas, pasándolle a Mailud por riba da cabeza. Esta, excitada, buscou o que levaba en mente. ¡Si, alí estaba! ¡Enriba mesmo da entrada, sobre as algas Cortina!

Xa tiña o arco tensado e a frecha dirixíndose alí onde o seu ollo indicaba. Soltou. Fíxose o silencio na súa cabeza e incluso o seu respirar detívose, en vilo, á espera.

Non o podía crer. Non era posible que fallara un tiro así, apuntando a un círculo de polo menos medio brazo de diámetro, a unha distancia relativamente próxima. A frecha desviárase un chisco no último momento.

Volveu apuntar. Probablemente falta de forza, as correntes marítimas adoitan ser moi fortes, pensou. E deste xeito volveu tensar o arco, dándolle máis impulso desta vez, e achegándose máis á fin do acantilado.

De novo o mesmo. O mesmiño, un chisco de desviación, a frecha rota que caía ó mar, engulida pola masa de auga, silenciando o seu berro desesperado e xordo. Tragouse a rabia volvendo a tentalo. E outra vez. E outra. E outra.

Así lle aconteceu ata que rematou as frechas normais. Só lle quedaban os Fíos, que furan pedra e ferro. Probara desde tódalas posicións, a tódalas distancias, desde riba das árbores máis próximas, pendurada das rochas baixas. Apertaba os dentes da impotencia, ¡que acontecía!?, ¡chegara ata alí e agora ía fracasar daquel xeito tan parvo!

De súpeto, na ladeira do cantil, co sol case no seu punto álxido, a cabeza baixa da desesperación, viu sobre a herba unha chea de sombras móbiles. Ó mirar arriba descubriu unha bandada de gaivotas. Nin se decatara de que había tantas. Xuraría que cando chegou non estaban. Agora que saía do seu mundo oíu os seus chíos, non semellaban nada amigables. Mesmo semellaba que o son viña tamén doutro sitio...

Daquela entendeu.

Asomouse de novo ó cantil. Centos, incluso miles de gaivotas chiaban nun voo inqueda, todo ó longo das paredes verticais. E alí estaban.

Cómo non o vira antes.

Centos, incluso miles de niños, todo ó longo das paredes, nos recunchos que a pedra fornecía, e tamén, por suposto, sobre a entrada da Furna, arredor da pedra circular que debía premer cun tiro certo.

Entendeu. Colleu de novo unha frecha, apuntou, pero desta vez, ó soltar deixou de fixarse só no obxectivo e abriuse ó que acontecía ó redor. Efectivamente, o exército alado mobilizouse en canto a frecha penetrou no seu territorio. Asombrada, observou as gaiotas do alto enviando pequenos cantos, as Pingas de Sangue que tanto procuraban de nenos, e aquelas de embaixo lanzándose, afoutadas, contra o percorrido do proxectil. Eses voos que considerara decorativos e nos que nin reparar, resulta que ían interferindo na frecha, desviando milésimas ata que volvía faiar. Desta volta, a única diferenza foi que o Fío do Ar cravouse na pedra, e alí ficou chantada.

As esperanzas todas de Mailud caeron, esvaecéndose, polo mesmo cantil. Nada tiña que facer xa, eran centos contra ela. Só se lle ocorreu que, quizais, cravando axeitadamente as frechas pola parede do acantilado, puidera baixar ela mesma ata a entrada da fura e premer no sinal...iso se non a comían a picadas.

Púxose mans á obra. Do mesmo xeito que acontecera ata entón, os lanzamentos foron frustrados, pero conseguiu crear unha especie de estrutura arredor da pedra saínte ata o final do precipicio. Inda así, os espazos entre frechas eran enormes, e a caída fatal...¿Sería quen de conseguilo?

Entón, cando estaba xa no lado da Furna, disposta a baixar e co primeiro pé na frecha máis alta, aconteceu algo.

Algunhas gaiotas tomaran como súas as frechas inferiores, ficando alí, en posturas petrificadas como teñen costume. Incluso semellaban orgullosas do feito. Mailud descubriuno con desagrado, semellantes animais en superioridade numérica e cun nada desprezable tamaño, íanlle ser unha dificultade engadida, ademais da vertixe que xa a posuía. Pero resultou que o posto sobre as frechas se tornou moi atractivo para a bandada. Abaixo dela formouse unha verdadeira loita de poder polos troncos, ás despregadas, picos e patas cravándose contundentes.



¡Así foi, que neste toma e dalle, no balbordo desapiadado voante, dunha volta por un golpe e doutra por outro, a pedra vermella, o sinal redondo que coroaba a entrada da furna, que era necesario activar para que a nave vogase, activouse por fin!

¡Si! Si...Un lixeiro tremor sacudiu as paredes do cantil, o suficiente para que a bandada abandonase a teimuda protección das crías, rozando cun ruído enxordecedor a unha Mailud que se agarraba como podía ó borde do cantil. Ascendeu coas forzas que lle restaban, e tirada sobre a herba observou atónita como a enorme proa saía á luz por entre a ferverza esmeralda de algas.

Nada de maxia. Ó premer ese círculo activárase un sistema hidráulico de pistóns, conectado á nave. Isto fará que as hélices do casco comecen a xirar, as velas despregaranse, e a ruta que debe seguir só é a que marcan os carrís de corda instalados nas beiras, revisados cada outono, e que nunca chegan a quedar descubertos pola marea. Recórdao...As palabras de Xincaih resoábanlle na cabeza mentres corría, corría todo o que lle daban as pernas e o corpo, xa despreocupada do silencio. O tempo bulía, o sol ía caendo, correu!, deixou atrás as sobreiras acolchadas, as Chairas, a ribeira do mergullar quedo, o manto cinza de freixos, os cesto trenzados coas mans húmidas, os xigantes de madeira, fillos de Samiarlan, os tecedores da terra mol. Sentiu que atrás dela viñan os Carinios, os antigos comerciantes que xa non querían comerciar, apenas tiña folgos, o sol case caera, xa podía ver o castro ó lonxe, por entre as pólas, podía ver o muro, e a Caino, e a xente baixando polo camiño do porto, e o barco agardando no peirao, e...!”

Un leve ronquido e un respirar axitado comezan a introducirse entre as súas palabras. Carme detense, érguese moi de vagar do arrandeadoiro, por sorte non renxe case nada. Arroupa como pode o envurullo de Óscar e tapa a Helena, que babexa un

chisco sobre a almofada. Vai saíndo do cuarto, dá grazas ó ceo e a tódolos santos porque non esperten.

-...chegou?...ó final, Mailu..dd...chegou a tempo...á...?

O corazón deulle un tombo. Ó xirar descobre os ollos entreabertos e drogados dunha nena de nove, en loita entre o imperativo urxente do sono e a inquietude da curiosidade. Achégase, sen moito ánimo.

-Veña Helena, a durmir...-fálalle nun ton baixo e hipnotizador, tapándoa de novo. Pero a pequena insiste. O outro vulto comeza a revolverse baixo as sabas. Respóndelle, antes de ter un dobre espertar. -Si, chegou a tempo, claro.

-¿Caino estaba...agardou...?

A resposta só se fai esperar un segundo, un minúsculo segundo vacilante. O suficiente como para que a nena observe un chisco de oposición na boca da narradora, nas dúas liñas rodeadas de engurras, que se separan e dubidan, negan.

-Claro. Estaba, si. Subiron ó barco cos demais e os Lumieira marcharon do lugar. A árbore de Infíndo ficou alí, pouco a pouco tornouse branca e luminosa, e dentro dela gardou as lembranzas todas do pobo ó que...

-...pois...un final bastante...bastante previsibl...-finalmente as pálpebras gañan a batalla e sumen á pequena no seu mundo inconsciente, agora inzado de Mailuds, augamel e baleas.

Carme sae nun silencio absoluto da peza e pecha a porta coma se fose de cristal fino. Baixa as escaleiras. Óese unha choiva miúda batendo nas fiestras e nas paredes.

O piso baixo está en tebras, iluminado por unha lúa intensa. Si, moitas outras noites luminosas presenciara. Desacougada coma agora, quizais, e tamén fervorosa e chea de luz, de Lumieira.

As historias que lles contas ós nenos non son propias, son raras, lelles os contos dos animais, da tartaruga e do coello, dos bonecos da tele. Son formativas, son axeitadas para a súa idade. Non lles inventes esas cousas estrañas, ou fainas máis suaves...é que logo veñen falando de cada cousa...

Bo.

Parvadas. A morte, o amor. ¿Non é iso formativo? E se non, que máis ten. Si que é certo que fora eliminando acontecementos, aqueles que podían acender a censura, porque a fin de contas son os pais os que deciden...

Co tempo as verbas enguedellábana a ela mesma e non separa o que é enxeño e o que lembranza. Ou quizais nada é lembranza xa, transmutado de tal xeito...

Agora camiñando polo salón deserto, apalpando o seu corpo, tamén transmutado. As figuras dos cadros, das fotos de repisas semellan pantasma, son pantasma.

Pantasma coma as de Infindo.

Ah...Ficaba tan atrás. As follas secas dun tempo que morreu, cun derradeiro crepitar, queimándoas coa mirada. As cores das follas secas, coma as das fotos de repisa.

Caino non estaba. Tampouco os demais. Toda a aldea embarcara, rumbo a algures, no alén. Mailud tardara demasiado, os Carinios estaban case enriba da aldea...habería tantas razóns. Tantas.

Caino non agardou. Probablemente cumpriu o seu soño, de certo que sería un gran xograr, percorrendo o mundo coa súa voz. Coas súas historias.

As migallas dos Xantius que cociñara nos seus petos. As migallas que inda cravaron máis as espiñas da dor, do desacougo inmenso, que ficaron alí, apegadas, tan difíciles de eliminar.

E no cabo do cantil, buscando a nave na masa cinza, case de noite, berraría o de:

Boca de pedra que lambes o mar, ti que estoupas en sal e area!

Tamén ela asumiu os riscos, claro. E sobreviviría, por suposto. Claro que si. Simplemente segregas unha nova cortiza. Moi finiña, case imperceptible. E logo outra. E outra máis.

Sobreviviría, escapando dos Carinios que xa entraban na aldea. Do incendio que asolou todo. Tamén o Carballo.

Tamén.

Unha boca de lume que o impregnou, que o despojou das cortizas.

En cambio a rede, a raizame enguedellada continuou medrando, polos tempos dos tempos, alimentando a terra, alimentando a memoria. As feridas deixárono nu, indefenso, co olor da cinza espetada nas fendas. O tempo disimulouno, só os que viviron a dor pódennas ver, acariñar, aloumiñar desacougados...

A memoria a longo alcance, que sigue intacta, enguedellándose baixo terra.

A boca de lume que asolou o carballo, incrédulo, desprevido...roubada a súa inocencia para sempre, rota a confianza, rotas as fiestras todas! Fechadas.

O carballo que é un piñeiro, que non é árbore. A Mailud que é unha Carme, un canto, canto de Caino, auga de Seilleiro. O Caino que é...

Boca de pedra que lambes o mar.